

PRIMEIRA ACTA DO TRIBUNAL SELECCIONADOR DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL COA CATEGORÍA DE AXUDANTE DE COCIÑA

No Centro de Desenvolvemento Local, sendo as 16:00 horas do día seis de abril do ano dous mil vinte un, baixo a Presidencia de Dona Elizabeth Mella Lorenzo, actuando como Secretario Don José Benito González Vázquez, e reunidas os/as Vogais Don Óscar Nuñez Prieto, Dona Alicia Amil Alonso e Dona Begoña Amil Alonso, nomeados/as por Resolución de Alcaldía de data 18 de marzo de 2021 e de conformidade co disposto segundo as Bases Xerais de contratacións de persoas desempregadas ao abeiro do plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2021 Liña 3, aprobadas por Resolución de 17 de marzo de 2021 para a selección dun/dunha Axudante de Cociña.

Existindo quórum para a celebración o Tribunal procede á elaboración de tres accións consistentes na limpeza dun pescado, cortar verduras e limpeza xeral, nun tempo máximo de dez minutos. Unha vez finalizada a proba práctica pásase a entrevista e valoración de méritos dos/as aspirantes que superaron dita proba.

Dado por concluído o proceso de selección, obtivéronse os seguintes resultados:

APELIDOS E NOME	PROBA PRÁCTICA	CRITERIOS DE INCLUSIÓN	ENTREVISTA	VALORACIÓN MÉRITOS a+b	TOTAL PUNTOS
COVELO FERNÁNDEZ, Elisa	1,00	1,40	0,50	0,20	3,10
DIESTE RIAL, Cristina	1,00	1,65	0,50	0,20	3,35
FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ, Rosa	Non presentada				
FRANCISCO ÁLVAREZ, María Jesús	4,00	1,15	0,50	0,00	5,65
FREITAS DALMEIDA, Ana Belén	1,00	1,55	0,50	0,00	3,05
GONZÁLEZ ESTEVEZ, Ana María	1,00	0,90	0,25	0,00	2,15
LEDO QUINTAS, Asunción	1,00	1,15	0,50	0,00	2,65
LEIRÓS MÁRQUEZ, Clara	4,00	0,70	0,50	0,90	6,10
MIZRAJI PEREIRA, Sergio Iván	2,00	1,20	0,50	0,00	3,70
PARDO SANTOS, David	Non presentado				
RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Herminia	1,00	1,10	0,25	0,00	2,35

Este tribunal quere facer constar que se presentaron persoas asegurando que as citaran telefónicamente do Servizo Galego Público de Colocación e non figuraban na lista enviada por esta Oficina.

No día 07 de abril o tribunal chama ó Departamento de Persoal do Concello de Ponteareas e este contacta co Servizo Público de Emprego de Galicia o cual manifesta que enviou ó tribunal de selección unha lista errónea na que faltaban dúas persoas.

O SPEG enviará unha nova listaxe onde figurarán estas dúas persoas polo que convócase un novo proceso de selección para valorar as candidatas o próximo día 14 de abril de 2021 ás 16:00 horas no Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas.



E non sendo outro a finalidade deste Tribunal, pola Presidenta levántase a sesión sendo as 18:50 horas do día anteriormente indicado de todo o cal, eu como Secretario dou fe.

Contra a presente acta que contén a lista definitiva de puntuacións, poderase interpor recurso de Alzada ante o tribunal de valoración ou Órgano que o nomeou, no prazo de un mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 e 122 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas.

Asdo.-Elizabeth Mella Lorenzo

Asdo.-José Benito González Vázquez

Asdo.-Óscar Nuñez Prieto

Asdo.-Alicia Amil Alonso

Asdo.-Begoña Amil Alonso

